



**Curso
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de
Música "Cantiga"
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica
de Educación Auditiva e Vocal
12 Maio 2020**

Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia

**Profesora:
Berta Delia Urbay González**

MATERIA DE EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL

Seguindo o indicado no R.D. 463/2020, na Orde EFP/365/2020 e nas Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Sarria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL para o curso 2019-20:

ÍNDICE

- 1. Avaliación e cualificación e mínimos esixibles**
- 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 3. Información e publicidade.**

1. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

Durante o primeiro e segundo trimestre realizáronse probas obxectivas e exames parciais tal como reflicte a programación. Así mesmo, no terceiro trimestre utilizáronse exercicios escritos e prácticos de forma telemática.

Instrumentos:

Datos recollidos a través das gravación así como dos exercicios escritos do alumnado.

Cualificación final

Procedemento para obter a cualificación final de curso:

- A parte vocal contará un 50% e a parte auditiva outro 50%. Para realizar a nota media destas dúas partes, o alumnado deberá obter cualificacións superiores a 3 en cada unha das partes.

- Con carácter xeral, utilizarase a nota da última avaliación con formación presencial (2ª avaliación). Tódolos traballos e actividades do terceiro trimestre contribuirán ao reforzo ou ampliación da materia os cales, computarán sempre favorablemente, nunca de forma negativa cara a nota final do curso.
- Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

Proba extraordinaria de setembro

O sistema de avaliación na convocatoria de setembro consistirá nunha proba na que o alumnado deberá acreditar o dominio da programación establecida ata o fin da segunda avaliación. Polo tanto, deberá examinarse das dúas partes nas que están divididos os contidos: entoación e audición.

Alumnado de materia pendente

Criterios de cualificación:

A parte vocal contará un 50% e a parte auditiva outro 50%. Para realizar a nota media destas dúas partes, o alumnado deberá ter cualificacións superiores a 3 en cada unha das partes.

Con carácter xeral, utilizarase a nota da última avaliación con formación presencial, a 2ª avaliación. Tódolos traballos e actividades do terceiro trimestre contribuirán ao reforzo ou ampliación da materia os cales, computarán sempre favorablemente, nunca de forma negativa cara a nota final do curso.

Procedementos de avaliación:

Durante o primeiro e segundo trimestre realizáronse probas obxectivas e exames parciais tal como reflicte a programación. Así mesmo, no terceiro trimestre utilizáronse exercicios escritos e prácticos de forma telemática.

Instrumentos de avaliación:

Datos recollidos a través das gravación así como dos exercicios do alumnado.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao traballado ata o 2º trimestre

.Desenvolvemento da memoria musical a través de cancións e pequenos

fragmentos.

- .Ditados en Do Maior con saltos entre tónica e dominante e intervalos de 2a.
- .Identificación auditiva de compases (2/4, 3/4).
- .Identificar auditivamente e reproducir por escrito as seguintes fórmulas rítmicas:
- .Fórmulas rítmicas

binarias: 1.



- .Interpretación de cancións infantís e populares a unha voz e con ostinatos.
- .Entoar a escala pentatónica de Do M e arpexo de tónica.
- .Entoar a primeira vista melodías cos sons da escala pentáfona maior de Do.

Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto ós termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.

- .Realizar na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.
- .Memorizar pequenos fragmentos.
- .Interpretar dentro do grupo cánones a dúas voces iguais atendendo á súa entrada e escoltando ao resto dos compañeiros.
- .Identificar no ditado melódico a diferenciación do sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.

CURSO 1º DE GRAO ELEMENTAL

.MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO

Os seguintes contidos trasládanse ao curso 2020-21,e así se fará constar na programación didáctica da materia de EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL no 2º curso de Grao Elemental.

CONTIDOS

Os correspondentes ao 3º trimestre

.MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado de mínimos esixibles.

.MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

- .Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- .Respectar as normas de organización e indicacións do profesor.
- .Mostrar unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro.
- .Demostrar interese pola música en xeral.


CURSO 2º DE GRAO ELEMENTAL

.MODIFICACIÓN NO CURRÍCULO

Os seguintes contidos trasládanse ao curso 2020-21, e así se fará constar na programación didáctica da materia de LINGUAXE MUSICAL no 3º curso de Grao Elemental

CONTIDOS

- Percepción auditiva das seguintes fórmulas rítmicas en 6/8:



e os correspondentes a o 3º trimestre da programación de Linguaxe musical.

.MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado de mínimos esixibles.

.MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao traballado ata o 2º trimestre.

- .Diferenciación auditiva entre o modo maior e o menor.
- .Diferenciación auditiva de intervalos numéricos (2a, 3a, 4a, 5a, 8a).
- .Diferenciación auditiva das seguintes fórmulas rítmicas traballadas na materia de Linguaxe Musical.
- .Diferenciar compases simples e compostos.
 - .Probas auditivas en Do Maior, la menor, e tonalidades ata 1 alteración.
 - .Probas auditivas en 2/4, 3/4, 4/4 e 6/8.
 - .Interpretación de cancións cunha boa respiración, emisión do son, afinación e empaste.
 - .Entoar correctamente as escalas e arpexios das tonalidades ata unha alteración.
 - .Interpretar melodías sinxelas en tonalidades ata unha alteración, con corrección na entoación e no ritmo, e atendendo a tódolos signos de tempo, dinámica e carácter.
 - .Entoar de memoria cancións sinxelas,co nome das notas.
 - .Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
 - .Respectar as normas de organización e indicacións do profesor. Mostrar unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro.
 - .Demostrar interese pola música en xeral.

CURSO 3º DE GRAO ELEMENTAL

.MODIFICACIÓNS NO CURRÍCULO

Os seguintes contidos trasládanse ao curso 2020-21,e así se fará constar na programación didáctica da materia de LINGUAXE MUSICAL no 4º curso de Grao Elemental.

.MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado de

mínimos esixibles.

.MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao traballado ata o 2º trimestre

- .Práctica sobre intervalos simples en número e especie (maiores, menores e xustos).
- .Probas auditivas en tonalidades ata dúas alteracións e nos compases de 2/4, ³/₄, 3/4 e 6/8.
- .Entoar conscientemente escalas e arpexios de ata 2 alteracións.
- .Realizar na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.
- .Entoar conscientemente obras en tonalidades ata 2 alteracións.
- .Percibir no ditado rítmico a sensación do sentido binario ou ternario da subdivisión do pulso.
- .Identificar no ditado melódico os modos Maior e menor.
- .Identificar no ditado melódico a diferenciación do sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.
- .Diferenciar compases simples e compostos.
- .Audición de acordes maiores e menores e diferenciación entre as sensacións de tónica, dominante e subdominante.
- .Interpretación de cancións a unha, dúas e tres voces atendendo a tódolos signos de tempo, dinámica e carácter.
- .Interpretación de cancións cunha boa respiración, emisión do son, afinación e empaste.
- .Respectar as normas de organización e indicacións do profesor. Mostrar una actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro.
- .Demostrar interese pola música en xeral.

CURSO 4º DE GRAO ELEMENTAL

.MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado de mínimos esixibles..

.MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao traballado ata o 2º trimestre

- .Entoar conscientemente obras en tonalidades ata 4 alteracións.
- .Entoar a escala e o arpejo das tonalidades traballadas.
- .Realizar na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.
- .Interpretación de cancións a unha e dúas voces atendendo a tódolos signos de tempo, dinámica e carácter, e cunha boa emisión do son, afinación, respiración e empaste.
- .Diferenciación de compases.
- .Identificación auditiva dos catro tipos das escalas menores.
- .Percibir e completar acordes maiores, menores en estado fundamental.
- .Recoñecer auditivamente intervalos harmónicos ou melódicos simples: Maiores, menores e xustos.
- .Probas auditivas a unha voz en clave de sol en tonalidades ata catro alteracións.
- .Percibir no ditado rítmico a sensación do sentido binario ou ternario da subdivisión do pulso.
- .Identificar no ditado melódico os modos Maior e menor.
- .Valorar no ditado a fidelidade á liña melódica e rítmica así como a corrección na escritura. Tamén a adecuación á tonalidade e modalidade correcta.
- .Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.

- .Respectar as normas de organización e indicacións do profesor.
- .Mostrar unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro.
- .Demostrar interese pola música en xeral.

.MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, CentrosNet , videochamada e/ou aula virtual.

.MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indicarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a este proba.

Isto é aplicable a todos os curso de Grao Elemental.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Actividades

Exercicios de entoación e actividades auditivas.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

O alumnado realizará as clases a través de diversas ferramentas TIC tales como Skype, Videoconferencia, Padlet ou e-mail, etc. Realizaranse as distintas actividades que compoñen as dúas partes da educación auditiva e vocal utilizando en cada caso exercicios de repaso así como exercicios de reforzo ou ampliación atendendo ás características do alumnado.

Materiais e recursos

- Libros de texto de Linguaxe Musical
- Cds Entoación e Ritmo
- Cds Ditados
- Fichas de exercicios
- Ordenador
- Móbil
- Tablet

3. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias

Skype- Correo electrónico – Páxina web do centro

Publicidade

Publicación na páxina web do centro.